

Debería iniciarse esta parte do meu relato de vida cuns versos de Rosalía Castro que gustaban de mencionar tanto meu avó Xoaquín, emigrante retornado das pampas pratesas, como meu pai, que nunca precisou emigrar, nin mesmo tendo profesión ferroviaria, propia para traslados.

Dirixíndose aos que marchaban, a poetisa escribiu:

Ánimo, compañeiros,
toda a Terra é dos homes.

Posiblemente. Poida que a Terra nos pertenza a todos; e que un chegue a pertencer a calquera lugar dela onde se sinta a gusto, como teño oído ben veces a viaxeiros e trasterrados. Pero penso que nos recantos da alma de cadaquén latea o impulso inabafable de vivir onde se criou; e que, se alí non lle for posible, quixera establecerse polo menos en pagos considerados propios por razóns de fala, modos da xente, festas e comidas, música ou paisaxes; por canto forma pobo como o cangallo fai acios coas uvas, dándolles substancia e arrimo.

Este capítulo trata primeiramente da satisfacción de vivir na patria da que un é parte mentres a vida lle dura, satisfacción suprema cando se proba ese mel ao regreso de lonxincuas fronteas de batalla. Tratará a seguir da emigración por causa do traballo, e da morriña que vai medrando ata dar en doenza de alma e corpo, que esmaga e exaspera, que obriga a idealizar os lugares por onde un imaxina a propia ausencia, nos que o enfermo se ve como pantasma vagante entre cousas e persoas cotiás, inmediatas, súas de sempre. E vai terminar co remate da fantasía; coa volta á que os galegos chamamos A Nosa Terra, desde que galegos somos e perdidos andamos por eses mundos; cunha demostración de que para algúns non existe país propio e só obtemos vantaxes na distancia, como calculara o Carducho, lúcido camarada na guerra que non quixemos facer.

—Canto máis lonxe che esteamos de Galicia, Maneliño, menos inimigos das nosas ideas van poder identificarnos —advertírame en Ávila, camiño do bautizo de fogo en Brunete.

A respecto das “nosas ideas”, o Carducho Pedre só estaba marcado por galeguista. Eu, por moito máis. El morreu na loita contra os republicanos compañeiros de ideas. Eu sobrevivín a ela. Dispensoume Deus da morte nos asombros de pólvora e chumbo quizais para facerme descubrir que, en tempos chamados de paz, o abraio tampouco ten límites.

Ben. Retomemos o relato na tarde en que me veu sorprenden a Maruxa Gómez coa súa visita derradeira.

A Maruxa pasou tan brevemente por xunto de min e falou tan intencionadamente acerca de si que non me deu tempo a espallarme, a contarlle parte da nosa historia íntima que lle cumpría saber. Gravados a ferro na miña mente fican o lugar e a data do noso encontro derradeiro, á porta dun almacén da estación do ferrocarril de Vigo, o día 2 de setembro de 1939, en que coñecemos o inicio dun novo trastorno bélico para sumar aos xa sufridos.

Nese día a nosa compañeira de fe saía para a Arxentina; a fundadora da igrexa de Oleiros fuxía de España e da conflagración europea que se nos aveciñaba tocándonos como metralla alén do seu obxectivo. E non me deixou dicirlle como e onde fora seu pai enterrado, ás présas e clandestinamente no adro do San Bieito, segundo eu podía dar testemuño; nin que o Feliciano,

noso irmán, pagara cara a condición de sindicalista, pois del apenas ficarían os ósos, mundos e espaxados no lodo da ría de Vigo.

A Maruxa, o Feliciano e eu, de mans dadas, axudáramos a que a fe máis sinxela en Cristo chegase a unha aldea ávida de relixión sen imaxes, sen boetas nin esixencias de diñeiro, despoxada de soberbia sacerdotal, de ouropeis e incensos. E agora ficaba eu só. A nosa comunidade de crentes fora espancada, encarcerada, afuxentada polos montes, obrigada a emigrar; morrera o Feli, alma de Cristo, infeliz, e mudábase ela, vella na súa mocidade, chea de amargura.

Pero digna. Eu debía crer na súa palabra, e corrixir o mal crédito que lle deramos. A filla de ateos que decidira crer no Evanxeo non nos traizoara; paseado o pai, abatida a nai na cadea, a orfa non renegara do seu, do noso.

Non. Os ollos verdes da Maruxa tras dos aros dos lentes dicíanme que non me quixera mentir nin o fixera.

—Tiven que afundirme na miseria de parecer que renegaba para que non me matasen á fame as monxas de Lugo —declarara nesa tarde de adeus e apuro—. E saín nas pallasadas das procesións de don Santiago para aguantar viva ata ter a maioría de idade.

Aturaría misas e confesións, finxiría no confesionario para confundir os curas do convento, quizais chegase ata se confesar con don Santiago e soportar todos os seus consellos. Sinxelamente simulara abxurar para que a deixasen vivir e seguir adiante no proxecto de facermos igrexa. Fuxira das gadoupas dos seus tíos lucenses e conseguira volver á nosa vila baixo a tutela do abade, a facer vida falsa de papista e franquista. O Todopoderoso, que de lonxe traza os destinos mentres pon as nosas vontades a proba, ofrecéalle a axuda dun tío emigrado en Buenos Aires. Ese fora o artífice dos arranxos, das vendas, da recuperación de capitais da rapaza desvalida, dos documentos para ela viaxar...

A Maruxa foise. Despois da súa visita, durante semanas perseguíame a idea de facer coma ela. Porque os crentes eramos poucos e debiamos medrar en número, onde fose: canto máis medrasen as nosas igrexas no seu conxunto máis forza terían para axudaren ás dos perseguidos. Talvez estivésemos tentando a Deus coa nosa resistencia na España hostil. Cumpría calcularmos cantas conversións podería lograr un evanxélico en país de discurso libre ao longo dunha vida entregada á relixión.

Pero a miña Carmela non tiña dúbidas:

—Se a Maruxa pensa que o correcto é ir facer igrexa á Arxentina, alá che vai ela e daralle contas a Deus do que faga. Se che dixó que nós imos ter que resistir nas catacumbas, así é, ¿ou logo non? Resistiremos, mira ti... —mirábame ela desde o fondo renegro dos ollos fermosos—. Habemos resistir, Maneliño, que non hai mal que cen anos dure e vai ti saber en que acaba isto de Franco e os curas a apoiado.

Non saberíamos en que ían acabar o franquismo e a insolencia dos triunfadores na contenda, pero eu non podía tirar da cabeza a interpretación do franciscano Vicente, meu compañeiro de manta e prato polas fronteiras de guerra. Como el dixerá na Murcia que ocupáramos en paseo militar, Europa vivía unha era de total idolatría. En España o Xeneralísimo accedía baixo palio ás catedrais entre seguidores co brazo en alto, moitos deles cregos. En Italia o Duce facía xestos teatrais co ollo nas cámaras de cine en canto sentía o aplauso de masas de comediantes uniformados, ataviados para a ópera política. Na Alemaña un Führer vociferador contemplábase envolto por lexións de mozos abandeirados; e sabíase precedido pola máquina de guerra que convertería Polonia en ruínas, “ameazando toda a civilización” segundo o noso pastor, don Edmundo Woodford. En Rusia un novo tsar bigotudo erguíase en deus sobre as masas ateas, adoradoras da momia de Lenin...

O outono de 1939 foi un descanso incompleto para a miña alma, chea de confusións. Eu tiña traballo, de factor de terceira a proba en disposición de destino; xa me deran uniforme, co símbolo dos ramiños de carballo e oliveira do meu gremio na Compañía Nacional do Oeste; era cabo de ferrocarrís, militarizado nun país baixo mando militar no que cada batallón e cada buque mantiñan

capelán en nómina de oficial de carreira, onde os santos da relixión do Estado gozaban de condición castrense e os padroeiros maiores —a virxe do Pilar e Santiago apóstolo— recibían emolumentos de capitán xeneral.

Como curas e santos, cobraba o meu soldo no día marcado; e dos extras (que sacerdotes e imaxes veneradas non suaban) conseguía para un bo pasar. A familia ficábame a un brinco. A noiva compartía comigo o que poucas parellas acadan, cariño e unha razón para loitarmos xuntos. A igrexa de Pi i Margall seguía ao dispor dos crentes para cultos a porta arrimada e ninguén molestaba as nosas prácticas de encontro con Cristo; igrexa e casa do pastor Woodford estaban para satisfacer a miña ansia evanxélica; co pastor comezara a “estructurar” os estudos bíblicos, a organizar coñecementos.

Todo era amizade, no traballo e na rúa. Nesa altura mesmo cheguei a topar coa alma boa do comandante Díaz del Río, agora retirado do exército e metido a dirixir un banco. Parárame na Alameda, tendendo a man.

—Home, panadeiro, vaia uniforme que levas. Seica cambiaches de profesión —disparou con retranca e os dous rimos sen necesidade de mencionarmos os meus roubos de bolos no acuartelamento da Alfándega, que el descubrira e encubrira por caridade.

—Sempre lle fun ferroviario, don Eliseo... —relateille andanzas de soldado e factor, e ofreceuse como garante:

—Para o que queiras, rapaz, que, como unha vez che dixen, vés de xente honrada e honrado tes que ser.

Logo dese encontro razoiei que ata contaba coa protección dun home poderoso, sabedor da miña forma de andar a contrafío, a contracorrente nun sistema que xuntaba, remexía, amalgamaba e confundía patria, relixión, exército, política, traballo... e na súa aventura “por el Imperio hacia Dios” non consideraba os que só tratábamos co Deus dos Libros Sagrados.

Queríame sentir seguro, pero sabía que cara ao cemiterio de Pereiró continuaban chegando furgóns a chorrearen sangue; e impresionábanme as multas anunciadas nos xornais “para exemplo de delincuentes y desafectos”: *A Manuel Quinteiro Táboas, de Puente Bora, 150 pesetas por no levantar el brazo cuando la orquesta tocaba el Himno Nacional. A José Couceiro Méndez, de Vigo, 50 pesetas por no saludar al ser expuesta la efigie de Su Excelencia el Generalísimo. A Ramón Penas Louzao, de Redondela, por negarse a pagar la ficha azul de FET y de las JONS. A Víctor García Novo, de Caldas de Reyes, 25 pesetas por insolentarse con un agente de Falange...*

Tampouco desoía os silencios dos que foran sindicalistas e, como meu pai, conservaban a vidiña baixo prudente terror, de novo xustificado polo discurso que aireaban os xornais. As organizacións de traballadores non contaban no novo réxime. “Para nada precisamos dos vosos votos, obreiros —advertira un xeneral vitorioso aos empregados dunha fábrica de Madrid—, porque son nosos xa, porque volos gañamos coas armas”.

Era unha derrota xeneralizada. Mais non completa.

—Hai miles de fuxidos, miles —espallábase o rumor—. E non se presentan porque os matan ou van para o campo de concentración ou métenos nos batallóns de traballo.

—Os montes están inzados de homes en armas —sentíase o ruxerruxe...

O 39 acabou cun sermón de Franco, voz de pito esganado, a clamar que España posuía “yacimientos de oro en cantidades enormes” mentres os seus afectos, invocando a patria, esixían á xente a entrega de metais preciosos aos que a xente se agarraba como derradeiro valor. Meu irmán Alfredo e meu futuro cuñado Xosé, no servizo militar tras dous anos de guerra e posguerra, viñeron de permiso de Nadal dicindo que non os licenciaban porque algo se tramaba na España amiga do Eixo Berlín-Roma, disposta a recuperar Xibraltar. Inglaterra e Francia, asustadas, rexeitaran ofertas

de paz da Alemaña. O do bigotiño cadrado e o floco negro sobre a testa amedrentaba o Continente. Os suecos e os belgas procederan á mobilización xeral. Na nosa Fisterra parecían sentirse xa cheiros inmundos de pólvora e carne queimada.

Con duros presaxios entramos no ano 40. Don Edmundo Woodford, secreto oínte da BBC, e que en segredo falaría cos seus compatriotas da estación do Cable Inglés de Vigo, atreveuse a anunciar na igrexa grandes tribulacións:

—Os pobos de Europa van padecer penas de inferno nesta vida. Todo fai pensar nun conflito en que os civís indefensos sufrirán máis cós soldados... Queridos irmáns —concluíu con fonda tristeza nos ollos claros—, rógovos que oredes intensamente porque, se o que oremos non alcanza o ceo, nada nos vai librar de pasaxes do Apocalipse ata agora nunca vividas.

Ese rogo atinxiu o meu corazón no primeiro culto de 1940; e o corazón fíxome evocar o día aciago do 36 en que non me atrevera a orar con forza dabondo pola paz de España.

—Valeriano, que vaias á inspección xeral —con tal aviso comezou para min a xornada de traballo após da festa dos Reis Magos.

Pensando na sona do meu pai sindicalista, que forzaba os compañeiros a me chamaren polo nome común, abandonei a rutina do movemento de vultos e documentos de entrega, e dirixinme ao despacho do inspector, quen me recibiu risoño, barbeadiño, cheirando á mesma colonia matinal do día da miña presentación á volta da guerra. Ofreceume asento, abriu un sobre azul cos emblemas da Compañía e o meu corazón deu un traspés.

—Acaba de chegar o teu ascenso —confirmou—. En Persoal recibiron o teu informe de aptitude e decidiron pasarte a factor de terceira definitivo, con destino... —pareceu querer fuxirles ás palabras, baixou a voz—. Con destino a Cáceres —e agora subiu o ton—: Éche un destino moi bo, todo un progreso para ti.

Foi unha pancada, un martelazo no cranio. A partir dese momento eu non atendía ao rostro redondo e rosado que xesticulaba; non facía caso ás mans que se axitaban, convencedoras, diante de min.

—... movemento elevado de mercadoría... capataces e mozos... liña Astorga a Cáceres... liña Madrid, Cáceres, Portugal —seguían as avaliacións positivas do inspector pero o meu maxín estaba no atlas luxoso que lle cambiara en Portbou a un compañeiro por unha pistoliña feminina. Nalgunha páxina chea de raias de cor e símbolos xurdía unha poboación do sudoeste peninsular próxima á fronteira portuguesa, cruzada por camiños de ferro.

O mapa evocoume anacos de conversas de ferroviarios na Casa Valeriano:

—Pouco acolledor aquilo de Cáceres. Miran raro.

—Eses estremeños sonvos xente seca, media brutiña.

—Alá no verán atacan as diarreas...

A seguir, a oferta da Compañía e os seus inconvenientes ficaban minimizados, ocultos pola imaxe dexxada dunha face de muller. Carmiña, outro adeus; de novo as cartas, como na guerra.

O inspector xeral tiorume do ensimesmamento.

—Aí, aí —indicaba un lugar nun impreso e tendíame a pluma mollada no tinteiro—. Asina aí.

—Pero... —tentei resistirme—, ¿e non habería algo máis preto de Vigo?

—Non, ho. Estavos a mandar desde aquí para a Estremadura —de novo asordinou a fala— porque alá todos eran rojos, e fusilaron unha chea deles e hai que cubrir postos. Pero non te preocupes, que xa volverás. Ti fai méritos en Cáceres, que todos habedes volver. Todos, ho, todos. Aquí estou eu para recuperar os meus paisaniños...

Unha semana despois, íame. Despedinme dos crentes de Vigo, e da Carme, que se mantivo enteira, malia os ollos húmidos e un tremorciño quente nas mans.

—Nunca choveu que non escampase, como di meu pai —concluíu ela, e dispuxo algo moi importante—: Eu gárdoche o orixinal do certificado da guerra. Déixalle unha copia a teu avó e leva outra contigo.

Fun á vila. Na casa subín ao faiado, puxen nun colgadoiro o meu uniforme de turuta e sobre o peito da guerreira, amarrada cunha pioliña, a corneta rusa. De embaixo da táboa encubridora dos meus segredos no piso quitei o macuto coa pistola que me dera o Tomás Calviño e as copias da acreditación de valor e servizo a Franco. Fun tirar a arma ao río e seguín camiño ata a casa da Capela, para depositar alá o papel que me redimía de todo pecado contra “el régimen”.

Recolleumo o avó e determinou gardalo, pero dicíndolle á Filomena onde o puña.

—Porque eu calquera día vos falto —un risco de tristura marcouse nos ollos grises do señor da Capela, ocultos entre infinitas enrugadas, e mudou de asunto—: Teu tío Xosé escribume que ten traballo alá en Buenos Aires para os rapaces desta casa. E ti levas ben anos a moceares con esa rapaza de Vigo que viña ás vosas xuntanzas en Oleiros, ¿non?

—Levo, si.

—Pois xa debías pensar en casardes, que noivados longos podrecen...

Coas sentenzas do Notario por grave compañía retornei á fonda, onde a señora Minia se mantiña distante para min.

—Penso que mamá se alegra de que marches, neno —comunicoume o señor Valerio, a repasar os bigotes tras un grollo de licor café—. Cre que así te afastas da moza e dos protestantes, porque lle dixeron que alá en Cáceres non os hai.

Papá non gustaba de que me fose, pero tampouco lle preocupaba unha ausencia “se cadra só de meses, e aprendendo o oficio”. Preocupáballe, si, o punto da saúde:

—Ao primeiro síntoma de diarrea continua, avisa...

Soaron as badaladas do tren a Monforte. Collino. Nos sucesivos trens cara a Cáceres perdéronse os verdes galegos e xurdiron vermellos leoneses para cederen sitio a tons pardos zamoranos, charros, extremeños. Desde a brétema ao sol, do orballo á xeadas, dos carballos nas lombas altas ás aciñeiras nas ondulacións mansas das devesas, repetínome que ía a un destino transitorio e tería moito tempo para ler. En Vigo deixaba feitos arranxos para o estudo por correspondencia do Novo Testamento e das obras de santo Agostiño. Traballando e estudando, logo pasarían os meses e, no entanto, algún permiso me serviría para volver aos lugares queridos.

Firme nesas conclusións, seguro de que o noso Facedor non dispón as cousas sen programa, puxen pé en terra na capital do norte de Estremadura con uniforme da Compañía, maletín de roupa e unha carteira na que gardaba libros e documentos. Camiñando pola plataforma da estación descoñecida sorprendeume a min mesmo a forza con que apertaba a asa da carteira, na que viña a transcripción do aval do meu comandante en Cataluña. As oficinas da Compañía, cheas de uniformes militares ou militarizados, déronme unha impresión alegre; como a voz do xefe a quen me presentei.

—Hombre, otro galleguino —foi como me recibiu, un home mozo con bigote estreito á moda falanxista.

Feitos os papeis da miña incorporación, recibidas as instrucións de traballo, percorridos os almacéns, o xefe entregoume nas mans doutro compañeiro:

—Caamaño, búscalle acomodo a este paisano tuyo.

O Caamaño, Rafael por nome, era un rapazote acorporado, de escaso cabelo louro e rizo e uns ollos verdes prominentes, coa cor de pel sempre trigueira que dá aspecto de saúde á xente do mar. Algunha vez xa nos tiñamos cruzado pola estación de Vigo. Díxenllo e entrou a falar-me confanzado mentres despachaba polo almacén.

Era da outra banda, de Cangas e de familia toda enguedellada co peixe, varóns á pesca e mulleres a enlatar. Fora o primeiro deses Caamaños en cambiar do peirao á estación, da marusía á

feluxe. Precedérame en Cáceres xunto con outros dous colegas tamén meritorios de Vigo, o Méndez e o Bandeira. Vivían xuntos na pensión da Brígida, ao pé do Arco da Estrela.

Vendo a interrogante no meu ollar, aclarou:

—Falar aquí da Virxe da Estrela é como falar en Vigo... eu que sei, do Cristo do Sal. E ese arco tenche unha Virxe da Estrela nunha forneliña, alí acubillada. Non hai nada máis típico, xa o verás. É no centro, pero quédanos ao lado, e non sabes como se agradece nas mañás de xeadas, que cae moita por este alto de Cáceres... E a Brígida é unha viúva de ferroviario, e só quere alí xente coma nós, con soldete fixo e que non lle quede de por vida, para que non lle poña esixencias de veterano. O malo é a comida, pero ela tampouco che ten culpa, que isto aquí non é como na nosa terra —puntualizou—. Está tan mal o asunto da mantenza que non che poden dicir que veñas xantar connosco hoxe, porque a vella non ten un mal par de ovos que botarache no prato por culpa da putación, e mais polo moito que lle miran o estraperlo a quen non é afecto de sempre —olloume aos ollos, dubidou. Pero arriscouse—: O home da Brígida era da UGT.

—Meu pai tamén, delegado —correspondín á proba de confianza e unha luz amiga escintilou na mirada do Rafael.

Na hospedaxe dos galegos ferroviarios ficaba un oportuno cuarto libre. Non preguntei ao Rafael canto custaba pensando que estaría axustado aos que gañaban coma min. Quedei con el en facer tratos á tarde...

Despois de xantar na cantina, e deixar tempo prudente para que o rapaz lle loase as miñas virtudes á patroa, fun de carteira na man e a paso lento ata o enderezo da Brígida, observando nun sol fino de inverno a solidez de pedra na cidade amurallada. O famoso arco daba entrada de carruaxes para a cidadela. Paseino e identifiquei a pensión.

Abriume a porta unha muller canosa, corentona, dificilmente feminina, cara e corpo feitos a machado en madeira, de olmo pola súa palidez. O vestido gris, basto, fíxome imaxinala criada. E non me confundín: tras me eu presentar como o novo compañeiro do Caamaño, ela virouse para un corredor que se albiscaba na penumbra.

—*Doña Brígida* —anunciou—, *el muchacho gallego*.

Houbo un intre de agarda no vestíbulo, con cheiro a fritos do xantar e mestura dos propios da hixiene doméstica. O mobiliario era vello, reparado, revernizado. Sobre un aparador o Xeneralísimo e o Ausente acompañaban un sangrante corazón de Xesús.

Dona Brígida sería uns dez anos máis vella cá criada, pero muller de formas propias. Conservaba o cabelo moi negro, lustroso, ordenado nun moño que lle realzaba a altura xa notoria. Era de pel morena con lunares, e ollos grandes acibechedos que me evocaron, de inmediato, os da miña Carme. A face levemente aquilina, de proporcións desexables para un pintor, talvez se lle afeara co pasar do tempo e o forzar dun xesto: pregaba os labios, sobre os que se lle notaba un velo escuro, case bigote.

Non me fixo preguntas. Mostroume un cuarto con boa cama, mesiña de luz e armario amplo. A un canto, a bacía, con espello e xerra.

Pedinlle mesa e cadeira —”cousa sinxela”— para estudar. Respondeu que non había inconveniente. Levoume a un cuarto de baño con retrete e unha talla grande de cinc “para lavarse de corpo enteiro, un día á semana”. Axustamos prezo. Fun buscar o maletín á estación.

Á miña volta xa estaban mesa e cadeira instaladas, e comecei a sentirme a xeito mentres tiraba roupa, papeis e libros e os dispuña nos seus lugares. A criada, Estrella por doado nome, anunciou que a cea ía agardar ata a fin da quenda das dez nos almacéns da estación, para así coincidirmos á mesa todos os colegas.

Saín pois a vagar por Cáceres, que me impresionou entre lusco e fusco, e xa de noite, con rúas e prazas de pobre iluminación. Vagaba a ollar tan descaradamente a monumentalidade dun burgo ignorado nas postais que provoqueei o encontro cun crego, quen me fixo de cicerone e acabou despedíndose nas escalinatas da igrexa dos xesuítas cunha oferta de dirección espiritual “en caso de necesidade”.

Ceando, souben que o Méndez era monfortino, e o Bandeira, lalinense. Parecían terse posto de acordo para contrastaren: o de Monforte salientaba polo delgado, membrudo, louro, pálido; o de Lalín, polo redondo e moreno, as fazulas inxectadas de sangue.

Acabada a conversa con bocexos, retireime e escribín para a Carmela a carta primeira do novo trasterro.

“Corazón do meu corazón —diciálle— espero que ao recibo da presente ti e os nosos, todos, vos achedes na santa paz de El-Señor, con saúde e sen máis preocupacións que as do traballo polo que habemos gañar o pan.

Escriboche con certo apuro para tentar tirar de vós esas impresións con que ficastes a respecto do meu novo destino.

Xa me tes en Cáceres, lugar que nunca tería imaxinado porque nós os galegos, de tanto irmos ás Américas, antes imaxinamos cidades americanas que españolas. Pero quixo o Altísimo que eu achase o sustento aquí e penso que debo ser xusto co que a Súa vontade me ofrece.

Contrariamente a comentarios maliciosos que tiñamos escoitado acerca da salubridade desta capital, direiche que se acha situada nunha elevación grande sobre os terreos da contorna e está construída en pedra nobre que, onde falta, vén substituída por cal branco e limpo. Os aires son finos, a brisa é común nas horas do día, quizais polo efecto da elevación. As augas tamén son boas e abundantes.

Foi linda sorpresa para min o descubrir a enorme colección de monumentos con que conta, tanto relixiosos como civís, nos cales se descobre a importancia desta praza na Historia de España; e non só na da nosa Nación senón na do noso Imperio, pois un dos pazos máis significativos que xa vin é o de Moctezuma, levantado (mira ti a curiosidade) para un descendente de Isabel de Moctezuma, filla do derradeiro rei de México.

Hoxe andei de turista e tiveren sorte de trabar conversa cun sacerdote cultísimo, moi xentil e entusiasta da Nova España, pola que mostra afección coma outros sacerdotes, cosendo á sotana o Xugo e as Frechas da gloriosa Falanxe. Deume informe de atrocidades cometidas polos marxistas desta zona contra persoas e cousas da Relixión, e datos curiosísimos sobre os edificios á vista e mais do que van recollendo os arqueólogos, desde a Prehistoria ata tempos recentes, pasando polas épocas de romanos e mouros. Non sabes como me gustaría poderche reproducir o aprendido en paseo semellante por prazas, rúas e canellas desta capital, tan ben trazadas e empedradas.

Para referencia, por se alguén dos nosos me quere visitar, direiche que vivo ao pé do Arco da Estrela, que é unha famosa entrada de carruaxes na muralla de Cáceres. Segundo me din os compañeiros, todo o mundo sabe aquí onde queda a pensión da señora Brígida, na que paramos (o enderezo exacto vaiche no remite). Esta hospedaxe pareceume cómoda e aseada á primeira vista, e conta cunha especial condición, a de que xa vivisen nela tres compañeiros da estación de Vigo, que me adelantaron no servizo por teren sido militarizados como factores desde o principio do Alzamento Nacional, polo que non foron á fronte...”

Os primeiros meses de vida en Cáceres coincidiron cos da guerra que avanzaba por Europa sementando estragos. Alá nun recanto de España mal podíamos saber o que acontecía, fóra de interpretarmos explosións de entusiasmo dos que xa se tiñan por triunfadores na implantación dunha “nova orde” en todo o Continente.

Eu non daba alixeirado a alma do peso que me causaba imaxinar os combates con armas modernas e as súas consecuencias, e por veces transmitía aos hóspedes da pensión tal sufrimento en forma de relato. Sen saber polo que, arrastraba a conversa ata duelos de artillería que puñan o mundo a tremar, ao bruar dos avións metrallando o chan, ao sabor da terra que entra por todos os orificios da cabeza cando estoura a bomba, á dor da metralla no corpo, ao inferno de tiros e

maldicións nos ataques ás trincheiras, ao fedor dos cadáveres nos arames de pugas, ás agonías berradas nun hospital de campaña.

Falando así para os que non coñecían a fronte, lembraba os camaradas do averno, no Texo e no Ebro. Dos mortos ata envexaba a súa paz; dos vivos quixera saber o que pensasen da nova guerra. Necesitaba oír o Vicente, grave nas expresións, ou o Tomás, o Rapabarbas que adoitaba ocultar a importancia do sufrido.

Incapaz de comunicarme con soldados, liberaba o meu desacougo facendo desacougar os eximidos de armas (por non teren ficha de “protestante, masón y comunista” coma a miña). Certa vez conteilles a verdade das carreiras de piollos na fronte do Ebro, como estabamos tan podres de matar e morrer que xogabamos a pesetiña de prata de todos os días, por se ao seguinte xa non nola tiñan que dar. Os factores non se atreveron a rir, nin preguntaron como se organizaban as carreiras; e véndoos serios, os ollos na chicoria que imitaba café, eu preguntábame a que xogarían neses momentos os soldados dos exércitos europeos, perdidos por uns lugares de matanza con nomes que moito custaba ler e pronunciar.

Guerra. Había guerra. Os franquistas pintábana ao seu xeito, pero os salazaristas tiñan outro modo de pintala e a fronteira con Portugal quedábanos preto, con liña de ferrocarril que entraba pola bisbarra da Alcántara.

De alí chegaban noticias. O contrabando era unha industria que o estraperlo fixera crecer e movía moito persoal; os ferroviarios viaxabamos por mor do traballo; viña algún xornal portugués e eu, miñoto, ben entendía canto radiaban as emisoras obedientes ao ditador veciño: Inglaterra, ferida, reaccionaba fronte aos avances alemáns con todos os recursos do maior imperio do mundo. O desastre tomaba dimensións bíblicas. Mais na miña man só ficaba orar e estudar os Libros Sagrados para que a oración cada día fose máis potente.

Concentreime, pois, no epistolario de san Paulo, axudado polos guións que me enviaba desde Vigo o pastor Woodford, pulcramente redactados a máquina:

“ROMANOS 3. A xustificación pola fe en Xesús Cristo.

a) 23 Porque todos pecaron e destituídos están da gloria de Deus,
(Analizar sentido de todos, ¿todos?, ¿ninguén se salva do pecado?)

24 sendo xustificados gratuitamente pola súa graza, pola redención que hai en Cristo Xesús,
(¿Por que gratuitamente? ¿Non se pode logo gañar a graza?)

b) 28 Concluímos, pois, que o home é xustificado pola fe, sen as obras da lei
(Revisar significado de obras da lei. Ver relacións xudeus-xentís en san Paulo)...”

Os exercicios bíblicos chegaban puntuais, aos tres días de postos no correo. Nunca nolos secuestrou a censura, aínda que permitise, con descaro, ver a goma arábica con que os funcionarios repegaban os sobres abertos ao vapor.

—Séguencho abriendo porque chos manda un inglés —puntualizoume o carteiro—. E hoxe calquera inglés é sospeitoso.

Con todo, eu podía estudar os Textos comentados. A ignorancia dos papistas en asuntos bíblicos, a falta de formación dos censores, non lles permitiría escandalizarse cun curso de doutrina evanxélica por correspondencia.

Esforceime co seu estudo, na estación e na pensión. Nos almacéns da Compañía en Cáceres había tanto movemento como me anunciara o inspector xeral de Vigo, pero os descansos entre tren e tren eran meus e nada me impedía durante eles usar a mesa de traballo para estender, a carón do Novo Testamento, os folios mecanografados polo pastor. Na casa aplicábame con intensidade ás lecturas e a escribir respostas que don Edmundo devolvería comentadas; conseguín lámpada de mesa e axusteí coa patroa unhas pesetas máis ao mes por gasto de luz, pois facía extenso uso dela debido aos horarios que me impuña o traballo por quendas variables ao longo da semana.

Aquela maneira de vivir só me xerou un conflito, coa criada da pensión. A Estrella de tan pálido fulgor queixábase de que lle eu non deixase libre o cuarto “en horas de aseo”. Nesas horas, que os compañeiros usaban para ruar, andar de tabernas e tentar o moceo, eu estudaba. Ela facía a cama, ventilaba, sacaba o po, varría... e na miña presenza miraba papeis e libros da mesa con ollos escuros, riscados de xenreira. Miradas tales fixéronme sospeitar que na miña ausencia chegase a inspeccionalos, pois era, e diso se xactaba, filla e irmá de garda civil (polo que —insistía, fachendosa— lle virían beneficios de perdón á viúva do sindicalista, a súa patroa). Pero non me importaba se a criada remexía ou esculcaba pois eu tiña con que me protexer en forma de certificado militar; e deixaba todo á vista, mesmo cando saía de viaxe.

Eu viaxaría con frecuencia durante o meu destino estremeño; e non por obrigas de traballo. Eses desprazamentos, privados en principio, tiveran motivos culturais. Deles falei abertamente e mesmo informei a Carmiña.

“Se Trujillo é unha vila chea de nobreza —escribíalle—, de Mérida só se pode dicir que é algo extraordinario, ante o que un visitante se ten que preguntar por qué os humanos somos así, destrutores do que outros construíran. Foi pena que os primitivos cristiáns non se apiadasen das obras de arte dos pagáns hispanorromanos, e non quero falar da teima iconoclasta dos mouros. Vendo Mérida, querida Carme do meu corazón, un quixera que a Historia tivese sido doutra maneira, que nada do antigo e glorioso fose desfeito en ruínas; que triunfase a convicción pola palabra, sen ter que romper e rachar”.

Mais das viaxes que seguiron pouco falei, e só cun grupo reducido de persoas. De tales andanzas tampouco ía informar por carta á miña noiva, nin ela se atrevería a transmitirme por escrito todas as súas descubertas sobre certas conexións viguesas de España e Alemaña.

O que non nos escribiamos estaba relacionado co principal nese tempo, o que se facía obsesión: a comida.

Segundo pasaban as semanas a sensación de fame aumentaba en Cáceres. As tendas de ultramarinos non tiñan nada para venda libre, e canto ofrecía a cartilla de racionamento máis semellaba mofa ca boa intención. Os habitantes da cidade dos torreóns altivos mostraban tal tristura e abaixamento que cando se divisaba unha cara alegre logo nacía a sospeita, e a envexa.

Diso deume xuízo certo un carboeiro que usaba o seu lugar escurísimo para trocos impensables; que me cambiaba o tabaco da ración por bolechos caseiros, míseros, de dubidosa fariña, e por onzas de chocolate que parecía feito con area marrón.

—Aí, meu fillo —avisou—, cando vexas alguén ben mantido, ese ten diñeiro para o estraperlo ou é dono de herdades onde a Garda Civil non mete o fociño... Non sei na túa terra, pero nesta os do tricorne non se atreven a requisar canto mandan as leis de Franco. Aos señoritos non se lles toca no seu.

A provincia que arrastraba a triste sona das Hurdes fora non obstante terra de gando, pan e viño. Nela medraban oliveiras, sobreiras e aciñeiras, as árbores das devesas acubillaban rabaños de ovellas gordas e piaras de porcos fartos, as valgadas sustentaban o gando maior, as searas espallábanse onde o solo se facía fondo para a rella do arado, os terreos amenos enchíanse de froiteiras de toda clase e nos secos e protexidos medraba a vide. Pero os anos de guerra deixaran un ronsel de calamidades nas comarcas estremeñas, milleiros de varóns mozos pereceran e o abandono da labranza facíase visible como en tantos outros sitios da España desartellada pola contenda.

“¡Franco, danos pan blanco!” seica lle berrara un soldado ao Caudillo Invicto nun desfile. Os compañeiros na cantina da estación de Cáceres dicían que logo caera aquel ousado, un mártir ao que lle cumpría monumento; e con sordina, en confianza extrema, daban razóns para a laceira xeral, de toda España:

—O Franco ten que lle devolver ao Hitler a axuda da guerra, e, como o Negrín mandou o ouro de España a Rusia, andamos pagándolles con víveres aos alemáns cando as colleitas non dan nin para nós.

O Caamaño aseguraba que nas conserveiras da súa vila se estaban a enlatar comestibles descoñecidos no negocio, como garavanzos, fabas e chícharos secos. A Carme confirmáboo por carta:

“Como che dicía na anterior, estou pensando en mudar de traballo. Xa sei que me vas dicir que o máis apropiado para unha rapaza coma min é traballar nunha sombreirería, pero, grazas ao bo goberno do Xeneralísimo, as industrias de Vigo piden moita xente preparada e disposta. Mira o caso das conserveiras. Onde antes só se pensaba nas sardiñas, agora enlátase de todo. Deus nos libre doutra guerra na nosa querida Patria, pero como a houbese, os soldados non che ían padecer ese aborrecedo de sardiñas que sufristes vós”.

Latas contendo “de todo” sairían do porto “neutral” de Vigo nos barcos alemáns axexados pola armada británica. E moito do que Franco e os seus nos tiraban da boca aínda acabaría no fondo do mar sen proveito para ninguén, nin para os peixes, que non dan roído a folla de lata...

Nestas circunstancias os compañeiros da pensión decidimos actuar contra a penuria. A decisión precipitouse un domingo invernal do *Segundo Año de la Paz y Quinto de la Victoria*. Xa levabamos ben tempo criticándolle galegamente a comida á Brígida pero de nada valía a nosa crítica, aturada coa mellor das sornas estremeñas. A muller escapulíase e sabiamos que cada nova folla do calendario ía traer un pan de ración máis seco, máis cincento, máis semellante á argamasa.

Ata ese domingo, en que, contra o costume da hospedaxe, nos veu servir ela o cocido.

Pechou a porta da salíña de xantar. Enfrontounos a xeito de floreiro negro: roupa de loito perpetuo, negror intenso do cabelo, as mans nos cadrís, os brazos coma asas. Mirounos coa boca máis fruncida do común, o que lle facía mesto o bigotiño.

—*Muchachos, esto se pone feo*—rompeu logo a falar e relatou todos os movementos subrepticios que tentara para conseguirmos pan presentable sobre un mantel—. Nada —concluíu—. Aquí só serve ser estraperlista, ou amiga de cura, ou querida dun xefe do *Movimiento*.

O peor era que, alén da fariña decente, ían faltando xéneros principais. Se as fabas voaban polos ceos do estraperlo, outro tal sucedía con garavanzos e lentellas. De patacas ou arroz xa se vía o que daban as cartillas, e o resto era soñarmos. Por faltar, mesmo faltaba o carbón para as cocinas... Nada, nin comida nin medios para guisar. Ata o Arco da Estrela só chegaban rumores da canina, e frío. Naquel destempero corría unha fame que mataba máis de tristura que de baleiro no estómago.

A patroa pasou as mans polas tempas, sentou á mesa e comezou a servírnos a sopa cunha explicación:

—Se vos sabe a rancio o caldo é porque o touciño estaba agachado nunha artesa na casa da muller que mo vendeu despois de moito porfiarlle, e di que xa o tiveran agachado durante a guerra.

—Pois se por touciño é, non se preocupe —interveu o Méndez—. Xa ve vostede que non me falta nos paquetes da casa.

—Home, pois de fabas e garavanzos... —o Bandeira rañou a testa avermellada cos primeiros grolos de caldo efectivamente rancioso—. Digo eu que haberá que facer como fan os compañeiros casados, ir e vir a Benavente.

—O peor é o do pan —intervín—, que ninguén de nós ten un tío panadeiro.

—Nin falta que vos fai —asegurou a señora—. Pan branco de Portugal hai o que se queira en Valencia de Alcántara. O caso é traelo ata aquí.

A sobremesa foi longa na tarde parda coma as pedras da cidade onde fomos dar coas nosas almiñas. A patroa esmerouse, engadiulle á chicoria un resto de café portugués atopado polo fondo da despensa, botou o líquido escuro nunha lata baleira de leite condensado e remexeu para que collese ben os vestixios cor de marfil que nela quedaban. Abriu coa chave o aparador e fixo xurdir un coñac de antes da guerra. Agasallábanos porque estabamos a preparar un acordo que a ela moito lle conviña, pois valían máis as viandas có diñeiro, e nós podíamos pagarlle en especies, aportando cadaquén á sociedade canto servise para todos levarmos á boca.

Ninguén se enganaba no trato. Tiñamos que confiar uns nos outros, patroa e criada na nosa palabra sobre o custo dos víveres sen prezo legal; os hóspedes, no uso que elas fosen dar ao depositado baixo a súa confianza, admitindo que algo servise para conseguiren o imposible: por exemplo, xabón de toucador a cambio de sardiñas en lata. Mentres se desenvolvía a conversa cheguei a imaxinar un estraperlo dentro doutro estraperlo, todos os da casa a feirearmos ás agachadas, homes por un lado e mulleres por outro. Pero —encollín de ombros— habería que vivir nesas condicións.

Concluimos. Por ser eu “o máis estudado”, os colegas designáronme, unánimes, como censor das contas da Compañía Galaico-Estremaña de Contrabando e Estraperlo que viñamos de fundar entre fume, grolíños de coñac e gargalladas. E dispuxémonos ao traballo cheos de ilusión, xuvenilmente lanzados a contravirmos a norma durísima que os vencedores impuñan a todo o pobo, sen distingos. Porque (repetíase un pensamento, que eu devecía por verificar co meu camarada valenciano) a xente do común sufría necesidades en toda España, sen importar baixo que bandeira tivese matado. Só comían pan branco os que nunca foran pobo e se permitían repetir a boca chea “Es que nosotros ganamos”.

O Méndez e o Bandeira decidiron rematar o serán no cine. O Caamaño e eu fomos pasear saudades da ría de Vigo. Evocamos sitios, vistas, persoas e, finalmente, xa cando os cheiros mariños do Berbés nos frechaban a alma, recalamos nun bar, a tomarmos un vaso do viño áspero de Montánchez que levantaba a espiñela en medio da melancolía xeral. Ninguén reparou en nós (a quen xulgarían portugueses polo xeito de falarmos) e alí deseñamos un plan de negocios para a Galaico-Estremaña.

Tiñamos tres fontes de subministro, e un medio de transporte seguro e gratuíto, o tren. Nas casas dos nosos non faltaba a substancia; ata León podíamos subir á compra de froitos secos; Portugal estaba a un paso. Habendo diñeiro, sempre poderíamos adquirir os víveres; e contabamos coa complicidade dos xefes de tren, que se beneficiarían cunha parte en especies do que nós acadásemos e eles agachasen polos furgóns.

No furgón do xefe da cada convoi transportábanse valores baixo a súa responsabilidade, sen custodia policial. Eses compañeiros de traballo, por tanto, eran perfectos axentes intermediarios, aos que nós tamén podíamos favorecer nos labirintos dos almacéns, escondéndolles vultos do comercio clandestino en que todos andaban.

Cada un de nós había establecer os seus contactos, en secreto, evitando explicacións aos socios que puidesen comprometerlos nun interrogatorio. Canto ao pan portugués, abundaba con ollar o mapa para ver que a estratexia consistía en achegarse á última estación española antes da fronteira e explorar sabendo que na terra de ninguén da raia seca, entre penas e aciñeiras, xurdían bolos cocidos coa fariña alba coma a neve dos muíños lusitanos. O Caamaño deu unha pitada forte ao seu mataquintos enrugando os ollos claros, bebeu un grolo de viño turbio e marcou a regra:

—Somos catro. Se cada vez aparece un de nós por Valencia de Alcántara, por moita memoria que teñan os carabineiros e os civís do carallo, nunca van sospeitar tanto como se visen o mesmo tipo todos os días, ¿non?

Quedamos en facer a rolda así. E comezou a aventura que nos daría experiencias de risco e sixilo —tan importantes para a nosa época de inculpacións traizoeiras— e reportaría unha saúde aos habitantes da pensión do Arco da Estrela que todos quixeramos compartir cos nosos veciños macilentos.

Esa noite ceamos gachas con morcillas, das cales mellor sería non preguntar ingredientes. Con inxenuidade infantil os compañeiros comentaron a película vista, baseada na “gesta gloriosa del alcázar de Toledo”, sen conseguiren arrincar de min ningunha apostila propia de veterano fogueado. Mantívenme alleo porque algo me andaba na cabeza sobre o que nos propuñamos conseguir. Distraíame cunha ilusión de fartura.

Retireime. Escribín nota a meu pai na que lle preguntaba por prezos de comestibles comúns, xabón e café dos acopiados na despensa da nosa fonda. Procurei para última lectura do día a Mateu evocando a multiplicación de pans e peixes, feita polo Mestre que lle mudara a vida de publicano á de apóstolo. Aquel Leví a quen Xesús renomeou como “don de Iavé” fíxome estar entre os discípulos repartindo alimento á multitude que mansamente os seguira. Meditei na grandeza do Fillo de Deus, que xa se retiraba en barca a chorar a morte do Bautista cando renunciou á súa íntima satisfacción para que a xentiña non sufrise necesidade. Así caín no sono.

Andada a noite acordei oíndo disparos e boteime ao chan, a buscar no escuro o tacto de metal da miña corneta. Pero axiña me decatei de onde me achaba, ben lonxe da cota 496 da fronte do Ebro. Non eran necesarios os meus toques, nin de avance nin de retirada, e deixei estar sobre as táboas frías do piso, agora arrolado polos sons, as voces e os cheiros da pesca do salmón no río da miña nenez. Recordaba o soño amable que o tiroteo interrompera. Nel, mesturando as paisaxes idealizadas do Tiberíades evanxélico e as reais do meu Miño, nacións enteiras se saciaban coa carga prateada, vibrante, dunha rede sen límites.

Entendín a mensaxe do soñado; e apreciei a pequenez dos hóspedes da Brígida, que non tiveramos o privilexio de andarmos a carón do Mestre, na proximidade que nos concedería poder de obrarmos milagres.

Non podíamos obralos. Os nosos esforzos só daban para a caridade propia, vencendo talvez grandes dificultades e perigos serios.

Nunha coincidencia entre saídas e entradas de quenda, os socios da Galaico-Estremeña xuntámonos na cantina, onde se falaba de que a noite anterior houbera jarana, tiros entre policía e contrabandistas que resultaran ser falanxistas. Rexoubamos sobre o incidente e acabamos entrando en materia do noso negocio. O problema a resolver de inmediato era o do pan, polo cal despacharíamos a Valencia de Alcántara o primeiro de nós que se vise libre de traballo en horas apropiadas para a merca clandestina.

A sorte da expedición inicial á procura de pan branco recaeu no Méndez, quen se dispuxo a saír para terras de Alcántara na seguinte xornada; e, aínda esa noite, na hora da cea a señora Brígida, solemnemente, entregoulle unha saqueta limpa.

—Sorte, Eladio —desexoulle—. Oxalá que poidamos catar pan de verdade...

Á mañá en que comezaba a andaina da sociedade eu entrei na quenda das 6 e deume para ver como madrugaba o Méndez, moi dilixente, a soñar sen dúbida co recendo nobre que atravesaba a codia dunha fogaza. Pasaron as horas, foise erguendo o sol e con el a brétema fina que dificultaba a visión das vías, os vagóns e os vultos. Eu andaba pendente do tránsito de convois e non só por razóns de traballo. A plena luz entrou tren de Portugal e do vagón do xefe vin saltar o Méndez de mans baleiras.

Pensei que, por prudencia, deixara o pan a recato.

O colega entrou no almacén. Eu despachaba e, por disimulo, non ollei directamente para el. Pero vin de esguello o seu rostro desencaixado; vin como pousaba a gorra no mostrador e daba en reparar o cabelo —lazo, negro, abondoso— coas dúas mans, alternadamente.

Nun descanso da atención púxenme diante del, interrogante.

—Roubáronme o pan en Alcántara —foi rotundo na explicación.

—¿E como?

—Foron os gardas civís, alí mesmiño, en Valencia.

—¿Os gardas civís?

—Si señor, os moi canallas estábanme agardando. Cando me puxen a cruzar polas vías saíronme ao encontro e fixéronme darlles a saqueta; sen caralladas, a punta de mosquetón.

—Son os métodos deles, Eladio. Fan o que lles mandan.

—¿O que lles mandan? Veña, ho, que os cabróns repartiron os bolos diante dos meus ollos e aínda discutiron entre eles quen quedaba coa saqueta.

—Eles tamén pasan fame, ho. E teñen fillos...

Na seguinte coincidencia entre quendas, este comezo ruín do negocio deu para cavilarmos. O Eladio Méndez víralle as orellas ao lobo e xa era partidario de non tentar máis a sorte na raia de Portugal.

Mentres falabamos eu dei en lembrar as miñas habilidades de enlace. Qué raios me habían pillar a min uns pobres gardas civís que só valían para aterrorizaren paisanos... ¡Érache boa!

—Mañá vou eu —dixen, e os ollares concentráronse na miña cara pola seguridade que expresaba—. Necesito un saco forte de traballo, manchado, e unha corda de paquetería; outro saco limpo para o pan, e roupa que non importe manchala...

Con disface de obreiro da vía apeeime na vila última de España sobre a liña férrea a Lisboa. Nunha taberna tomei un café con aroma brasileiro e vin unha criada a lavar con xabón de pintiñas, portugués. Non me custou moito saber alí mesmo onde se vendían os bolos, e dei propina pola información (aínda coa sospeita de que lla puidese estar dando a quen informaba os gardas civís, e quizais con dereito a quíñón no asalto).

Percorrín as rúas suavemente curvas de Valencia de Alcántara, cos seus bos arcos de pedra nas portas. Petei na que me dixeran. Abríronme. Fixen trato, paguei e volví a rúa, deixando o pan en depósito ata o momento de saída do meu tren.

Saco de traballo baleiro ao lombo, inspecionei o camiño de volta polas vías. Avanzando con mil ollos revisaba os posibles escondedoiros de gardas civís. Non me quedou valado, casopa nin mato por esculcar. Parecía non haber perigo.

Cando me foi hora, recollín o tesouro, marquei un rumbo difícil de entender para quen me espíase e agardei entre moreas de escoura a que o tren a Cáceres estivese en posición. Entón vin xurdir os tricornos dos asaltantes entre uns toneis de impregnación de travesas á outra banda das vías. Os infelices mesmo se permitían fumar mentres esperaban o paso dalgún contrabandista incauto.

Seguín agardando a que o tren se colocase, facendo cálculos. Era sorte que os gardas estivesen daquela banda, pero quizais eu quedara lonxe do derradeiro vagón do convoi, á vista dos sabuxos.

Entrou o tren e comprobei o meu fallo: efectivamente, era moita a distancia ao meu obxectivo. Mais tamén calculara a solución ao problema e apliqueina: amarrei o saco a un nocello, boteime ao chan por tras da vía, reptei con cóbados e puntas de pés, como nos peores momentos do Texo e do Ebro aínda que agora non cantase himnos evanxélicos porque non había estrondo artilleiro a ocultalos.

Nun punto do percorrido mal puideren evitar o son das biqueiras das botas nos croios; algún rolou. Parei.

—¿Qué es eso? —oín a alerta dun garda.

—Ná. Será un perro —respondeulle o compañeiro.

Seguín cun respiro. Cando calculei que non me darían acadado, erguínme do chan tras dunha roda de vagón, que me ocultaba á vista dos asaltantes de verde, e camiñei con apuro ata a porta salvadora do xefe do tren. Abrina e atopei un home de mediana idade e cara chea de paz, que ordenaba papeis sobre a súa mesa de traballo. Mirou o saco que eu tirara do lombo e, sen mostra de sorpresa pola aparición, preguntoume que traía.

—Pan —informeino.

—Aí —indicoume. E comprendín: os vagóns dos xefes tiñan un reservado para cans, embaixo da mesa de traballo. Abrín a portiñola da cancela e metín o saco.

—Son Manuel Liñares —presenteime—. Estou de factor en Cáceres.

—E antes estiveches en Vigo. Xa o sei, Valeriano... —o uso deste nome familiar daba a entender ata onde me coñecía—. Eu son Emérito Vallejo, e ti e eu temos algo en común a máis de sermos empregados do Ferrocarril do Oeste —ao meu xesto inquisitivo o señor Vallejo respondeu cun sorriso de ollos grandes e grises baixo as cellas grises e longas—. Eu eduqueime nas escolas da Igrexa Reformada de Salamanca.

Daquela, movido por unha forza interna propia dos meus, iniciéi cita apostólica:

—Vós, que noutro tempo non erades pobo pero agora sodes pobo de Deus...

—Que noutro tempo non alcanzarades a misericordia, mais alcanzastes a misericordia —concluíu don Emérito, e apertámonos.

Durante a viaxe ata Cáceres, explicoume que sempre tivera boas relacións en Vigo e delas deducira quen era o último factor galego chegado á grande estación estremeña.

—En Cáceres estamos sós, fillo —informou—. Aquí nunca houbo crentes que se manifestasen e hoxe menos se vai manifestar ninguén. A ti e a min non nos queda máis que orarmos sós, en silencio. Ou xuntos, neste vagón... E non trates de facer proselitismo, que sería tentares a Deus —ergueu un dedo a xeito de advertencia paternal—. Resérvate para sementares noutro momento porque aquí os franquistas están doentes; e os cegos con eles, á par.

De novo a Providencia traballara para min. Cando descendín do vagón en Cáceres a miña mente rexeitaba o dito de que a fortuna axuda os audaces. No meu caso axudaba o Altísimo porque a coincidencia parecía de máis.

Don Emérito era viúvo. A muller morrera nun bombardeo en Madrid e os fillos vivíanlle cos avós na vila da familia, “onde nunca faltou febra nin viño”. Estaban mantidos; non os había apreixar a tuberculose, compañeira da fame, coas súas poutas mortais. El andaba de pensión por onde lle cadraban os destinos (agora, en Cáceres) e mandaba aos seus canta vianda podía arranxar. Non precisaba pan —que lle ofrecín— porque tamén se valía dos bolos portugueses; e conseguía legumes na Bañeza, dun modo sobre o cal me deu valiosas indicacións...

Con elas e a primeira “marea de pan branco”, como lle chamou o cangués Caamaño, os socios da Casa Brígida fixemos consello. O pan portugués tiña moito azar; cumpría pois que eu combinase as miñas tácticas guerreiras co apoio do señor Vallejo, e que me alternase con outro comprador polo menos. O Méndez esixiu que se lle dese nova oportunidade.

Para satisfacer o empeño do monfortino, decidiuse que eu faría a liña de Portugal coa súa axuda, o Caamaño e o Bandeira percorrerían a liña de Salamanca a Benavente e cadaquén controlaría a chegada dos correspondentes “produtos familiares”.

E así sobrevivimos, con abundancia que fixo pequena a despensa da Brígida para tanta cantidade de patacas, fabas, arroz, bacallao, garavanzos, azucre e conservas. Parte do almacén pasou ao cuarto de baño, polo que o retrete daba para pensarmos nos ciclos dixestivos completos mentres, sentados nel, viamos os saquiños de produtos agrícolas arrimados ás paredes.

—Na casa non hai mellor sitio có escusado, rapaces —xustificaba a patroa—. Ten boa ventilación, e queda lonxe da vista de calquera visitante. Deixádeme agachar aí os comestibles, non sexa o demo que aínda me metan na cadea por acaparadora.

Correron máis meses, de miseria e idolatría con radio e cinema. O idolete gordecho de España, uniformado, rodeado dos que lle berraban “¡Franco, Franco, Franco!” tentaba emular os grandes ídolos de Europa. Veciño del, un idoliño gris recibía loanzas parecidas. Xuntábase o pobo, alguén berraba “¿Quem é o Homem?” e a resposta masiva sería “¡Salazar, Salazar, Salazar!”

Así describín por carta a escena portuguesa para o Vicente, agora mestre con escola ao outro lado da Península, na súa provincia levantina. “Estamos a falar —engadía— doutro grande

estadista, como o Xeneralísimo, o Duce e o Führer. Oliveira Salazar é o máis occidental dos guieiros da nova Europa, e ao que ti aínda non considerabas cando tratamos destes asuntos”. Non me atrevín a rascañar con tinta que, a diferenza do Franquiño, “o Homem” non permitía aos seus ministros pregoaren os encontros cos colegas fascistas; e deixaba coñecer que os avións alemáns caían coma moscas, metrallados, sobre Inglaterra...

Traballei na estación. Estudei as epístolas de san Paulo. Fixen estraperlo. Escribín cartas.

Para o verán pasei vacacións entre a vila e Vigo.

Nada mudara na miña terra. Polas rúas abeiradas ao Miño todo o mundo parecía máis vello e faltaban moitos personaxes dos capítulos vividos antes da guerra. Só algunha cara de neno convertido en mozo facía pensar que a roda da vida seguise rolando.

Na Casa Valeriano había fartura dabondo para que calquera vendedor de comestibles en Cáceres delirase. Meus pais, arredondados, encanecidos, mantiñan coa Garda Civil e os carabineiros as boas relacións que explicaban os cheiros espléndidos da despensa da fonda. O vello mostraba con fachenda o fillo factor a fregueses e amigos. A señora Minia ollábame só por necesidade, tratábame con medo do seu confesor, o coadxutor dominado por don Santiago, que agora lucía o xugo e as frechas na sotana.

O xugo e as frechas, en vermello ou en negro, plasmábanse nos peitos da xente e nas fachadas dos edificios, pintados, gravados. Tomaban forma en bordados de fío, en bronce e latón.

—E en pedra —engadiu o sindicalista Valerio á miña observación—. Os canteiros e os marmoristas non dan feito, con tanto escudo novo, con tanta lista de *caídos por Dios y por la Patria*.

“Vivimos nun tempo de idolatría simbolista” pensei para unha carta que nunca lle escribiría ao Vicente; e cerrei os ollos ao que me facía sufrir sen alivio posible...

Esquecendo as desgrazas da política, gabeei á laxe da Picada, vin o noso mapa todo, dividido polo río; e orei. Comuniquéime co Feliciano, alma xusta entre as dos xustos. Roguei a Deus pola Maruxa, a quen supuña facendo igrexa nas terras prósperas do Prata.

Collín a bicicleta con que me iniciara de moción para comerciante e subín nela ata Oleiros, onde me recibiu a Xulia cun meniño no colo. Aquela crente, á que os fascistas deran martirio para provocárenme, era casada, polo mesmo crego que se enfrontou ao pastor Berkley.

—Foi a única maneira de casarmos, Maneliño —baixou os ollos, compunxida—. Agora non hai forma de casares se non che oficia un cura... E non saberás que o señor Leandro morreu.

—Deus o teña na Gloria —non me sorprendeu a morte do ancián que facilitara a fundación da igrexa de Oleiros. Pero si o que a seguir relatou a Xulia mentres arrolaba o cativo:

—Morreu, morreu e o crego non nolo deixaba enterrar. Entón puxeron o cadaleito no monte e alí estivo días, ata que veu da vila a orde de enterramento e uns homes cavaron unha cova por tras do valado do cemiterio, e nós puxémoslle uns marcos de pedra e fixemos unha cruz con pedriñas enriba da sepultura; pero o crego mandoulle ao sancristán desfacer a cruz cun sacho...

Repasamos as peripecias dos crentes que se xuntaban na eira do vello Leandro. Estaban mortos, ocultos ou fuxidos.

—Coma toupas na toupeira —definiu a moza o evanxélico existir nas catacumbas.

E funme de alí roído polas lembranzas; non quixen ver a que fora capela, “toda rota, segundo a deixaron os falanxistas” como informou a Xulia; saín polo arco da eira e desde a súa sombra recordei aquel laxedo cheo de xente a escoitar a verba inspirada de don Tomás Berkley subido nun carro. Don Tomás e o señor Leandro —Don Quixote e Sancho Panza, como nos pareceran aos rapaces— xa estarían a pasear xuntos polos anfiteatros que o Altísimo destinaba aos misioneiros e os seus axudantes, ávidos de público ao que convenceren...

O avó da Capela perdera moito nos meses da miña ausencia. Fallábanlle as pernas e usaba a tía Filomena de mandadeira para todo mester. Tamén lle tremían as mans, de xeito que a tía lle tiña que arranxar a barba.

Con todo, a súa mente seguía clara, como me demostrou pondo os lentes gordos e abrindo un boletín sobre a mesa da cociña.

—*Ley de Represión de la Masonería y el Comunismo* —leu devagar, subliñando co dedo—. Saíu en marzo, e é moi perigosa para vós. Mira o que di: *sociedades secretas de todo orden y las fuerzas internacionales de índole clandestina... Las que, sin constituir una sociedad secreta propiamente dicha, se relacionan con la masonería y adoptan sus métodos al margen de la vida social... Organizaciones subversivas en su mayor parte asimiladas y unificadas por el comunismo...* —o vellote entrara no miolo da lei que daba corpo ao meu sambenito—. Isto é un enguedello do demo, estes franquistas meten todo na mesma pota e a vós hanvos amolar porque as propiedades dos evanxélicos son dunha sociedade inglesa, segundo teño entendido.

—Así é —confirmei—. Hai unha sociedade misioneira que mantén os pastores e detenta a propiedade das igrexas e das escolas.

—Mal negocio, rapaz. Se polo menos fosen dunha sociedade misioneira alemana... —pasou os dedos pola barbiña, claramente preocupado—. Se cadra, co certificado que me deixaches a gardar aínda te vas salvando. Porque o artigo 10 desta lei fala de como se librar de penas por méritos de guerra ao servizo de Franco. E ti telos dabondo, como che escribiron os xefes; ben que os tes, pero non fuches voluntario como di o artigo. En fin, xa che mirarei o teu caso, pero a cousa está fea, está.

Estaba. Dous días despois desta conversa coñecemos en Vigo a desgraza de don Roberto, pastor inglés que fora expulsado baixo acusación de espiar para Inglaterra desde Ourense. Embarcara coa familia, moi numerosa, nun mixto de carga e pasaxe que saíu en convoi cara á súa patria e foi afundido por submarinos alemáns.

No culto de acción de grazas pola vida do que agarimosamente chamabamos don Robertito por causa da voz afautada, o pastor Woodford lembrou unha pasaxe dos Feitos dos Apóstolos que o noso mártir recente gustaba de comentar:

Os atenienses convidaran o Saulo de Tarso a predicar no Areópago. “Pasando eu e vendo os vosos santuarios —dixera Saulo aos varóns de Atenas—, achei un altar no que estaba escrito AO DEUS DESCOÑECIDO. Ese, pois, que vós honrades sen o coñecerdes é o que eu vos anuncio...”

Mentres escoitaba a don Edmundo imaxinaba eu o abismo que se abría, cada vez maior, entre os papistas e nós. Eles convertían en santo todo mortal dogmático, a todos paseaban en procesión, de todos facían estampa, enchían o mundo de imaxes, incensaban as criaturas máis difíciles de adorar. Nós, por contra, só queriamos saber dun Deus, e do Seu Fillo, sen estatuas sobre os altares; e por iso podiamos ser reos ante o xuíz.

Ao findar o culto, na noite plácida do verán vigués acompañei a Carme para o seu barrio. Seguidos a poucos pasos pola mai, falamos de voda. Ela estaba decidida a traballar nunha empresa de calzado de goma, onde iría gañar ben; e continuaría mostrando chapeus en horas libres, como sobresoldo. Tiñamos que aforrar para gastos de montar casa, onde for que a montarmos.

—A goma é moi importante —asegurou a miña noiva cun xesto de mestra a dar lección na luz escasa—. Tí mira a cantidade de cousas que se fan con ela —e baixou a voz para segredar—: ¿Oíches?, non sabes o dos alemáns, que andan pola ría como lles peta nunhas lanchas de goma con motor. Seica saen nelas dos submarinos e van dun lado para outro; e sóbenche polo río e van facer orxías á casa dun paisano deles que lle chaman algo como Kuk ou Kruk.

—Será Krupp —veume á cabeza o nome famoso.

—Non, Kruk, Kruk seguro, e algo máis —insistiu a Carmela e a sílaba ficou na miña memoria...

Cando xa as vacacións se esgotaban fun falar co Timoteo Brañas ao xulgado en que traballaba de oficial. O Timoteo era crente; a el dirixinme con referencia aos arranxos case

imposibles para o matrimonio civil; del oín que a nova lei de represión daba para que os “normais”, idólatras, metesen os “raros”, protestantes incluídos, no mesmo saco da masonería e o comunismo.

—Teu avó está no certo —confirmou— e iso mestúrase coas ordes que os nazis lles dan aos franquistas: ingleses fóra de España, ou na cadea. Así que xa me dirás: os pastores todos de volta a Inglaterra; e se salvamos a igrexa de Vigo é de milagre, porque un xastre evanxélico lle sabe disimular a corcova a un xerifalte fascista; e porque os ingleses sonche moito imperio e os navieiros de Vigo saben que a Inglaterra aínda non está derrotada.

Era un divino portento que a igrexa de Pi i Margall se mantivese aberta, porque, coa lei na man, os que nos xuntabamos nela eramos secta subversiva. Canto a min, sorte sería que sempre me fose valer o certificado do comandante Solla.

—Tamén che ten razón niso teu avó, Maneliño —xulgou o Timoteo—. Ti terás méritos de guerra pero non te incorporaches voluntario senón que te presentaches cando te reclamaron. E aínda ben que non te resistiras.

A conversa co Brañas tivo un desvío paralelo ao da sostida coa Carmiña na noite do culto en memoria do pastor, pois tocou na goma e nos alemáns.

—Fan o que lles peta, os condenados —confirmou—. Teñen aquí uns barcos que fornecen os submarinos. Os submarinos entran pola ría coma cadaquén na súa casa, abastécense e lárغانse. Pero os submarinistas tamén teñen tempo de folgar e alá andan nas lanchas, métense polo Verdugo e van a unha herdade que ten o Krucken, ou como se chame ese, que manda truco para o suxeito como non gañen a guerra os seus porque...

—¿Dixéraslle ti algo diso á Carmiña? —interrompino.

—Non, ¿e logo?

—Ela contoume o mesmo.

—Diríanllo na fábrica, que o sabe moita xente. Isto dos alemáns éche un escándalo.

Iso e todo era un escándalo. O réxime que matara a República escandalosa por berrona era un escándalo de ocultacións e silencios.

A melancolía fíxose comigo nas primeiras xornadas de traballo en Cáceres logo das vacacións; da tristura viñéronme mareos, vertixes; ata se me descompuxo o corpo e vinme na inmundicia dunha diarrea persistente da que culpei o cambio de augas en tempo de estío, sufocante por esas terras do sur.

Non obstante, pouco a pouco, a forza de vontade, volvíñ á rutina da estación, do estudo bíblico e da procura de pan. Mais no fondo da alma sentíame incómodo, necesitado de actividades diferentes en que empregar os meus pensamentos durante o tempo que me sobraba. Porque —calculei— me sobraba o tempo, ou o empregaba mal.

Daquela, nun paseo serodio polos campos agostados na contorna da cidade, aceptei o que ata entón non quixera recoñecer, a precariedade do meu posto de traballo, desde sempre ameazado polos caprichos do sistema político que agora contaba xa cunha Lei de Represión disposta contra min. Respirando o cheiro a palla que traían os remuíños de vento, decidín pois dedicarme a aprender algún oficio novo, mellor aínda se permitise obter calquera título profesional por aquilo de “papelíños, papelíños” que recomendaba a expertiseza de meu avó.

Mentalizado xa para o que se me facía reto necesario, andei á procura ata que algún compañeiro me falou dos cursos nocturnos na Escola de Artes e Oficios; e axiña me apuntei a eles, para tomar clases do que se me ofreceu doadamente por vacantes da matrícula (as dos mozos que morreran ou servían aínda nun exército “listo para cualquier eventualidad”). Estudei teoría e práctica da debandaxe de motores eléctricos, o que me aclarou conceptos de intensidades, tensións e fases; que me permitiu entender as vellas discusións do noso gremio sobre a electrificación dos ferrocarrís e o progreso que significaba; e que —o máis útil para a min— me familiarizou con elementos da electricidade metidos na vida común, dos que só se sabe de oídas.

Tamén aceptei entrar nun curso sobre electrólise. Percibín nel unha relación descoñecida entre a Física e a Química; a Química levou os meus cavilares á formulación e ata comprei un libro sobre esa materia que se ofrecía a estudantes de bacharelato nunha librería principal.

Moita noite de sábado ou véspera de libranza, sen receo ao madrugón, fiquei compondo fórmulas que o meu mestre despois repasaba na Escola.

—Liñares —comentaba divertido—, como sigamos así, vannos dar o premio Nobel cando inventemos o pan sen fariña ou o xabón sen sebo.

Aquel home bonacheirón, don Armando, todo curva de lombo baixo a bata esburacada de manchas de ácido, fíxome un regalo que demostra como Deus se manifesta das maneiras máis incomprensibles para as súas criaturas.

Unha tarde adianteime na entrada ao laboratorio, para probar o efecto eléctrico da acidulación nas celas dunha batería. No medio da proba vin vir o mestre empurrando os lentes sobre o nariz. Traía un libriño, que pousou sobre a mesa dos meus experimentos. Mireino. Titulábase *Manual de Química Práctica* e asinábao certo doutor de apelido difícilísimo, alemán.

—Dixéchesme que tiñas moza e queriades casar, ¿non? —inquiriu don Armando cun sorriso case oculto polo espesor dos lentes. Eu tardei en responder, confundido xa que non vía relación entre o libro e o meu matrimonio.

—Andamos a falar de casarmos, si, que xa levamos anos de mozos.

—Pois daquela toma ese libro como regalo de vodas; e xa verás como cho agradece a muller, que non vai ter veciña coa casa tan limpa coma a súa.

Deille as grazas e boteino ao peto, para seguir coa vista na agulla do amperímetro.

Na carta daquela noite á Carmela escribinlle que “as persoas teñen maneiras curiosas de mostraren as súas bondades. Hoxe, mira ti, veume don Armando cun agasallo de vodas para nós, un libro, e non te rías, porque é un manual de química doméstica traducido do alemán, seica algo moi útil para mesturas e remexidos deses que deixan as casas pulcra e con cheiro a limpo...”

Pasados os días correspondentes veu a resposta dela con algunha referencia ao voo da pluma sobre os produtos de limpeza das casas. Corría a primavera de 1941. Daquela nin a Carme nin eu poderíamos imaxinar o que unha fórmula contida no manual de agasallo iría representar para nós e para a nosa fe. Como escribía san Paulo aos corintios, “temos ese tesouro en vasos de barro para que a excelencia do poder sexa de Deus e non nosa”.

Así se había cumprir co paso dos anos... Pero non nos adiantemos aos acontecementos.

Ben. Superados os abafos do retorno ao exilio, todo transcorreu para min regularmente, en cantas actividades distribuía o tempo. Na estación sobrava traballo, a Compañía Galaico-Estremeña de Contrabando e Estraperlo obtiña superávit de produtos e diñeiro (non dabamos comido tantos víveres e cumpría vender os excedentes); os meus estudos relixiosos progresaban, máis sobre Saulo de Tarso que sobre Agostiño de Hipona. E estábame a facer un experto en materias electroquímicas.

Se daquela pechase ollos e oídos ao que non conviña saber, diría que a vida me era boa. Pero non podía facelo, e, por tanto, vía e oía: meu irmán e meu futuro cuñado seguían no servizo militar, os alemáns comezaron a bombardear Londres, facendo danos que enciraban os ingleses á vinganza; pouco despois deste paso adiante na guerra, Hitler chegaba en tren a Hendaia para conferenciar co Franquiño e a xente na cantina da estación puña caras de gozo a pensar que logo se invadise Xibraltar, como se tan patriótico acto nos fose traer o pan e a carne necesarios para erradicarmos a tuberculose que nos mataba.

O mundo estaba tolo, louco, necesitado de camisa de forza. Iso fun concluíndo segundo remataba o ano e, xa para o nadal, reafirmeime nesta idea triste cun suceso que gravemente me impresionou, protagonizado polo carboeiro Juan Bautista, o que me cambiaba o tabaco de ración por boliños e chocolate (nesa altura revendidos a outros clientes por medio da Galaico-Estremeña).

Unha mañá de bafos mestos en que eu saía a por pan en Valencia de Alcántara atopei o vello na tenda coma sempre, todo corcova baixo a peliza, a manexar as súas parcas existencias con luvas de dedos recortados. Saudeino e respondeume cun lamento:

—Cada día cómpre abrir máis cedo e pechar máis tarde —correspondeu ao meu saúdo en ton lamentoso—. Ninguén pica xa no pouco que hai para vender.

Ese xeito de laiarse chamou a miña atención, pois non detectei nel a sorna habitual, a mesma con que escribía no taboleiro as ofertas de produtos da xornada. Discorrín que a miseria estaba a dar cabo do humor do vello e, metido nos coidados do contrabando, logo esquecía o seu saúdo. Mais á hora do xantar, cando me ía acercando ao Arco da Estrela co saco de branco pan portugués, observei que a carboeira estaba pechada e que, fóra, penduraba o enceradiño das ofertas cun aviso sorprendente:

*SE ACABÓ EL CARBÓN
SEGUNDO AÑO TRIUNFAL*

Rin para os meus adentros, pensando nas diferentes maneiras de botar contas do triunfo. Os cinco anos dos triunfadores quedaban reducidos a dous, desde a fin da guerra, para un derrotado. Non deixaba de ter a súa graza.

Despois, na volta á estación para a quenda de 4 a 10, non vin cartel á porta do negocio, nin o dono a fedellar nas súas sacolas de comestibles. Quizais estivese enfermo, calculei, e de novo esquecín o coitado, a pensar nos enguedellos que me agardaban no almacén.

Así e todo, á hora da cea, tiven a explicación do caso.

—Cadroume ver como traían o Juan Bautista á casa —contou o Caamaño—. Traía a boca media aberta, toda un callo de sangue, e os dentes rotos. Vínano aguantando os fillos e eu pensei que o vello tivera un accidente e fun a xunto deles e pregunteilles; e o rapaz máis vello díxome polo baixiño que fora na comisaría, unha malleira porque o Juan Bautista fixera burla do réxime escribindo “Acabouse o carbón, segundo ano triunfal”, que lle roubara tres anos a Franco...

Pasaron os días e a carboeira nunca máis abriu, nunca volvemos saber do carboeiro ousado por desesperado. Dona Brígida chegou a ter novas de que aquela familia fora recollida por parentes nalgunha aldea alá onde Estremadura se amontaña e se cobre de flores albas nas primaveras. Corría o tempo mais o episodio non se esvaía nas nosas mentes. Na pensión, todos menos a Estrella, dura “hija del Cuerpo”, coincidiamos no absurdo do castigo a un miñaxoia coma o Juan Bautista; aterrábanos a desproporción entre a suposta falta por mofa e a brea que o deixara inútil segundo a nosa patroa...

Pasei o Nadal e a fin de ano sen permisos, cheo de traballo nun momento en que os transportes por estrada estaban difíciles (se o carbón escaseaba para o consumo doméstico, a gasolina só saía de depósitos inconfesables). As extras do soldo non eran dabondo para me alegraren e vivía acañado, con medo do frío e receo de lle contar á Carmiña o que pasaba. Por veces descoñecíame, dicíame que eu non era o mesmo home que reptara baixo as balas a cantar himnos de gloria a El-Señor. Buscaba consolo nas lecturas máis animadoras dos Textos Sagrados, pero sabía que ler tanto era un subterfuxio, un intento de acadar o imposible. Con frecuencia diaria —ao pasar pola carboeira pechada— viñan á miña mente escenas de crueldade que remataban coa imaxinación da cara rota do Juan Bautista, semellante á da Xulia de Oleiros.

Esta debilidade debeu facilitar que se desenvolvese no meu intestino algún microorganismo perverso capaz de causarme continuas diarreas, que o médico da Compañía non atallaba. Deume a baixa e metinme na cama. Os comprimidos de carbón astrinxente non me facían efecto e un simple caldo de galiña, nada máis entrarme no estómago, xa provocaba defecación tan violenta que non me permitía chegar ao cuarto de baño.

Isto, coas súas consecuencias máis desagradables, veu pór de manifesto o mal carácter dunha persoa, e a súa sospeitada condición de espía.

Calquera mañá xélida, que non permitiría abrir as fiestras para ventilar o meu cuarto, a Estrella enfrontouse á ama.

—*Yo no estoy aquí para trajinar con la mierda de nadie*—deixoume oír pola regaña da porta mal arrimada—. *Y menos con la de un hereje, que mire usted todo lo que tiene ése para leer, y lo que escribe.*

Pero non fixo falta que se rebaixase a traballar de enfermeira para un protestante cos intestinos tolos porque dona Brígida trouxo (soubese Deus de que casa principal ou de que anticuario) un penico antigo, alto, con tampa axustada á perfección para conter fedores. Nun recanto do cuarto puxo plantas de aroma en auga quente, e os compañeiros acordaron sucederse para retiraren as miserias do meu corpo, cada día máis débil.

A desconfianza nas capacidades do galeno, inseguro no tratamento, debeu ser o que impuxo nos colegas a resolución de chamaren a meu pai.

—Pasado mañá está aquí o teu vello —o Méndez trouxo a resposta—. E vas para a casa con el, que todo está preparado.

Estaba. O señor Valeriano presentouse de uniforme, acompañado dos meus socios e uns enfermeiros da Compañía. Botoume unha ollada rápida e retorceu as puntas dos bigotes antes de dar a primeira orde:

—A vestirse, neno, que non nos sobra o tempo.

Vestíronme. Deitáronme nunha padiola e fóronme levando á estación rodeado de compañeiros, que evitaban así as olladas dos curiosos. Subíronme a un vagón de primeira. Deitáronme ao longo dos asentos que corresponderían a tres ricachos. Cubríronme cunha manta e en tal postura rin frouxamente a chanza de despedida do Bandeira.

—Ti, socio —apuntou co indicador ao ollo—, atento desde alá ao valor das accións da Galaico-Estremeña, que van seguir subindo...

Un practicante púxome unha inxección, que me produciu un benestar celestial ao modo de entender de quen tantas veces imaxinara o gloria dos ceos. Deixei de sentir os torcellóns que me atormentaran continuamente e adormecín vendo caer a noite pola xanela. Sentía o meu pai falar ao lonxe pero vía o preto, por veces na porta do compartimento.

Debía ser nos empalmes sucesivos cando se me achegaba alguén con cheiro a desinfectante. Ulía logo a alcol e varias veces penetrou no meu brazo unha agulla, ferrón que a somnolencia apenas me deixaba apreciar.

Ata que un sol fermoso, limpo, invernol, me fixo ir acordando. Estabamos en Astorga, sentín pregoar as “ricas mantecadas” da tradición e pregunteime con que fariña estarían feitas. Sorprendeume que a cabeza me funcionase, e agradoume a opinión do médico que me veu revisar.

—Recuperado —certificou—. Nada, unha semana na cama e xa temos o factor máis activo da Compañía...

Incorporeime. Admitín un caldo que algo levaría de galiña e xamón e que me soubo a bendición divina, como auga bautismal para as entrañas, que non se revoltaron. Despois deixei arrolar polo ruído anainante do trenciño que nos levaba á casa. Recostado, en silencio, vin xurdir as montañas de Galicia e a alma elevouseme ata os cumes. As forzas retornaban a min, sentía correr o sangue felizmente nas veas... Na vila esperaban miña mai, meus irmáns e o mestre Caetano, en comité que decepcionei baixando do vagón apenas sen axudas.

Dous días na miña cama de follato, ben afundiña no medio, toda cuberta de mantas, fixéronme apreciar os ricos recendos da fonda. Volvín comer con gusto. Miraba o río cinxido de verde. Dei en reler unha vida de santo Agostiño e imaxineino a pasar do maniqueísmo á fe cristiá. Finalmente, mandei unha nota á Carmela relatando a verdade completa do acontecido.

Ao terceiro día saín dar un paseo, con roupa de máis para os fríos tenros da miña vila. Na primeira visita do percorrido, o amigo xastre fixo diagnóstico correcto:

—Ó menino, mas lá isso é que você morría de saudades em terra de mouros, como a donzela do romance...

En Vigo aprendín que *Rubber* quere dicir goma en inglés. Rubber era o nome da empresa á que fun buscar a miña noiva, agora operaria. Nese encontro a Carme foi para min como unha rocha de carne amorosa, amantemente dura. Explicoume as miudezas da súa nova vida, dos dous traballos que atendía “para ir metendo millo no hórreo”. Non me reprochou a febleza. Simplemente me desafiou:

—¿E ti pensas que habería algún choio para min alá en Cáceres?

De volta en Cáceres retomei os meus deberes con canta forza tiña, sen máis distracción que o soño de ter a Carmela preto. De tanto a necesitar, cheguei a mirarlle por traballos nun burgo adusto, hostil en comparanza coa cidade mariña dos crentes onde ela se fixera muller. Na procura, con tristes resultados, pasou o tempo mentres lonxe de nós, en Madrid, se preparaba o nacemento da empresa nacional dos ferrocarrís.

Febreiro foi mes de novas importantes. A primeira, a da RENFE; a segunda, que o Caudillo fora de viaxe ata Italia erguer o brazo canda o Duce; a terceira, que Deus reclamara contas a un monicreque chamado en vida Alfonso XIII.

Os ecos de tamañas noticias duraron moito na cantina da estación. Nos lugares de confianza multiplicábanse os comentarios sobre “bailes de postos” e parecía mesmo que todos fósemos ascender na Red Nacional. Asegurábase a fortaleza do réxime; Franco —insistían os máis sabidos— vía as cousas claramente dominadas en España, non temía os “bandoleiros” nin as sabotaxes. A morte en Roma do ex monarca consumido polos vicios puña fin á aberración dun réxime que a República atallara, e os falanxistas non negaban o seu contento.

Coa primavera naceu dentro de min unha esperanza nova, que non sabería definir. Cando me puña a ollar os campos desde o altiño da cidade, o seu verdor efémero asegurábame que algo grande viña acontecendo. Chegaron as cereixas, gordas, vermellas, e o Serrano Súñer deu en dicir que Rusia tiña todas as culpas dos males de Europa. Pediron voluntarios para a loita contra os rusos e, imaxinando eu o que aquilo significaba na contabilidade da Parca, seguí así e todo a esperar mudanzas coa ollada perdida nas veigas que o sol abandonaba camiño da Lusitania. A guerra —na África, no Exipto, en Rusia— era un estrondo escoitado polo baixiño nas radios, interpretado a través do que mentían os xornais con símbolos do Movimiento na cabeceira. Pero eu estaba seguro de que algo bo ía suceder.

Nun dos meus paseos vespertinos por lugares rústicos, pouco transitados, enchín os pulmóns de aire para encher o corazón de ledicia. Á vista das ondulacións abertas que xa douraba a seca estival soñeime no recanto amoroso e pechado da igrexa de Pi i Margall de Vigo. Mesmo sentindo o corpo contra a madeira vernizada dos asentos do templo albo, cantei coa miña xente imaxinada:

Se El-Señor me pastorea,
nada aquí me vai faltar.
Xunto d’El camiñarei,
no seu brazo confiarei.
Nada do amor de Deus me afastará.

E, á mañá seguinte, na administración da estación entregáronme a carta esperada, a que había de me vir segundo eu desexara.

Case non puiden centrarme no traballo. Mal xantei e non acouguei ata ter botado unha nota para a Carmiña na propia caixa do furgón de correo, para estar seguro de que lle chegaba.

“Querida Carme do meu corazón —escribira—, pola presente fágoche saber que El-Señor foi servido de permitirme retornar á nosa Terra. Acábanme de nomear factor de circulación de segunda e, malia que vaia destinado para lonxe de Vigo, vou para Galicia e preto de onde me poden acoller persoas ás que nos une o máis íntimo e profundo, ás que poderei entregar todo canto me dea a forza da fe”.

Adeus Cáceres dos pazos brasonados. Quedou alá despois dunha comellada inconfesable na pensión do Arco da Estrela.

—Comemos que nin na casa do bispo —certificou o Bandeira cun xaruto entre os dentes, reclinado a beber un exceso do contrabando, un cálice de Porto que me evocaba as delicias da Casa Valeriano á que me dirixía por fin.

—Foi ano e medio no desterro, compañeiros —sumeí os meses xa camiño da estación, con maleta e carteira.

No pescante insteinon a controlaren o meu encargo á señora Brígida: entregar ao mestre do laboratorio da Escola de Artes e Oficios os víveres que me correspondían na despesa común, agasallo co que liquidaba a miña parte da Compañía Galaico-Estremaña de Contrabando e Estraperlo...

Fun chegando a Galicia. Na nosa vila o verán era verde, dun verde claro e recendente. Demorei nela o xusto para un descanso, para unha oración de acción de grazas na laxe da Picada; e para saber os detalles dun suceso conmovente, a morte do home máis poderoso nos corenta últimos anos, don Ramón Afonso.

—O enterro foi sen crego —confidencioume o señor Valerio con viño e gasosa—. Algo difícil de crer, rapaz, pero seica así o tiña en testamento: nada de curas. E alá lle fomos todos os demais. Nunca tanta xente se xuntara, habíalo ver; e enterrárono en sagrado sen distingos. A tumba éche ben alta, toda de granito puído, e ten labrada unha cruz na lousa porque don Ramón tampouco quixo cruz ergueita.

Na calma das moscas ao serán fiquí remoendo o que contara o vello. Debín mostrar tal curiosidade no xesto que meu pai suxeriu irmos presentar os nosos respectos a quen tanto ben nos fixera. E ao cemiterio chegamos con luz abonda para comprobar a peculiaridade dunha sepultura quizais cristiá, pero disidente; que, malia o dubidoso, ningún dos poderes daquel mundo se atrevera a rexeitar no camposanto regado cos hisopos.

—En fin, con prata todo se contrata —concluíu o señor Valerio...

En Vigo recibíronme en consello os anciáns da igrexa, coas referencias necesarias para o novo capítulo da miña vida crente. Polas contas, eran moitos os evanxélicos da bisbarra coruñesa a onde eu ía destinado e custaba lembrar os nomes de tanto lugar onde a fe resistía.

—Pero non queda máis remedio que aprendelos de memoria, porque unha lista no peto pode ser fatal, para ti e para os nosos —advertiu o colportor que máis percorrera aquelas terriñas, que gardaba viva na mente unha longa relación de persoas e puntos de encontro clandestinos.

No arco entre A Coruña e Ferrol as comunidades maiores eran as das cidades e as de dúas “parroquias rebeldes”, Lubre nunha ribeira da ría do meu destino e Lamas na serra que a dominaba. Eses catro grupos de irmáns valeríanme para encontrarme cos outros, os illados, e lles ir levando o consolo da Palabra.

Ánimo. Os anciáns e o pastor Woodford estaban seguros de que a miña chegada a aquela comarca evanxélica era designio da Providencia. Alí non quedaban pastores. Os españois foran desterrados, e os ingleses expulsos.

—Un crente formado coma tí, novo, cheo de enerxía e libre para moverse, pode facer o labor máis necesario para que a fe se manteña —concluíu don Edmundo collendo calidamente a miña man na despedida á porta da súa residencia.

En agosto de 1941 cheguei á vila onde máis tempo levo residido; e onde acabarei os días deste corpo se a miña vontade coincidir coa de El-Señor. Viaxei ata aquí desde o sur en día esplendoroso de verán, e a vista fóiseme recreando coas grandezas dunha ría que ten formas suaves e aparece suavemente arroupada de lombas cubertas de soutos e piñeirais; con leiras e casiñas, e praias que contrastan o claro das áreas coa escuridade de chumbo dos cantís de pena morta. Lembrando o mapa da zona, un areal alongado deume a posición de Lubre, onde un núcleo de crentes se

afirmaba no Evanxeo baixo a tutela dos seus anciáns desde que o pastor, don Arturo, fora acusado de espía a soldo da Pérfida Albión e para alá enviado.

Nunha mañá fermosa baixei do tren coa miña maleta e un sorriso inxenuo, pensando en chegar por barco onda eses irmáns de crenza, como suxería un belísimo treito de mar azul sucado por veliñas claras.

De tal guisa presenteime ante o xefe da estación, home entrado en anos, de rostro mortizo e uniforme limpísimo, talvez saído da tinturería, que me deu a man como quen recease da corrente eléctrica.

—Sente, Liñares, sente —mandou, indicando a cadeira fronte á súa mesa; e foi pechar a porta da oficina cunha volta de chave.

Retornou, sacou a gorra e encaroume con ollos claros, case incoloros, inclinado o torso sobre os brazos que apoiaba na mesa, as mans pálidas cos dedos abertos. Sereno en aparencia, faloume:

—Mire, Valeriano, cos informes que chegaron de vostede... En fin, mellor perder o traballo que a vida.

—¿Como?

Don Pascual, que así se chamaba, demorou a responder e cando o fixo a súa voz tomara un ton de angustia.

—Polo amor de Deus, Liñares, non se me quede aquí. Vostede non sabe o que é esta vila — agora xuntou as mans, ollaba para os lados. Co canto das mans entrelazadas petou na mesa e tentaba evitar que as nosas miradas se cruzasen—. Pida un traslado. Mire, o Serafín Fariña, o factor que vostede veu substituír, apareceu furado a tiros contra o muro dun cemiterio no camiño da serra, e non era nin masón nin protestante nin nada... Todo porque se lle oíu dicir nun café que non se pode fusilar unha persoa sen xuízo —por fin dirixiu os ollos acuosos aos meus. Baixou a voz a un murmurio—. Por iso o *axustizaron* —e pasou unha man pola testa suorenta, marcada polo bordo da gorra—. Era casado, e cunha grea de rapaces. A muller agora lévalle flores á tumba, pero no seu día non se atreveu a pedir unha misa pola alma do coitado.

Don Pascual calou. Xa descargara o que lle pesaba na consciencia, deixábase advertido. Eu tamén calei. Non estaba alí, na estación da RENFE dunha vila do meu país verdadeiro, o que me dera a fala e os apelidos. Unha vez máis estaba en Ávila, no adro dunha igrexa, e non tiña en fronte un home maduro, branquizo, de ollos azuis, senón un rapazote de ollos castaños e pel sazónada, corada. De novo o Carducho Pedre aconsellábase pór terra polo medio, andar lonxe de Galicia, perigosa para os que non tiñamos dereito a patria ningunha.

“Mellor perder o traballo que a vida”. A frase fíxome retornar do pasado lentamente, como cando rebenta un obús preto e se tarda un tempo en que os humores volvan circular e as ideas corran. Estaba como xordo, e apagadamente un pensamento quería tomar forma na miña cabeza: se Deus me fixera chegar ata alí, por algo sería.

Neste enxordecemento do estouro percibín que o xefe da estación falaba.

—Non imaxina vostede o que isto é —díciame con acenos de susto—. Élle algo peor cá guerra, peor.

—¿Peor cá guerra? —atrevínme a interrompelo—. Eu paseille por Brunete, estiven no Texo, e no Ebro, en toda Cataluña —ollou para min, con sorpresa, e eu seguín, crecéndome—. Fixen a guerra sempre en batallóns de choque, e no Ebro ás ordes de Alonso Vega. Teño o certificado comigo.

O bo do home pareceu dubidar, debía estar contrastando as miñas aseveracións de veterano “nacional” coa ficha que lle terían pasado. Ata que, por fin, retomou un discurso a zumegar medo:

—Escoite, Valeriano: aquí non é territorio dos militares. As guarnicións están na Coruña e en Ferrol pero nesta zona mandan os gardas civís e deixan facer aos falanxistas —acercouseme sobre a mesa e baixou a voz—. Aquí segue a guerra. Na fraga están os fuxidos, que loitan contra a Garda Civil; e a Falanxe móvese por onde se atreve, dabondo para fartarse de matar —retomou a posición na cadeira e volveu elevar a voz, mais amodo—. Mire, déixeme que lle conte que eu defendo

sempre os homes ao meu mando que fan o seu traballo ben, porque eles son os que fan que o meu traballo luza. Eu sempre defendín o Serafín, como traballador, onde fixo falta defendelo; e, cando o mataron, dixeran que aquel home gañara ben o seu soldo de factor, e mais todos os pluses... Atrevínme a dicilo no Mariño, que é o café onde el dixeran o do dereito a xuízo, e á mañá seguinte veume buscar un piquete de falanxistas mandando que fose con eles ao cuartel da Falanxe, a declarar. Pero eu sabía que ese era o principio do paseo e resistínme. Entón díxenlles que non abandonaba o posto de traballo porque estaba militarizado e non me ía expor a que me fusilasen por abandono. Díxenlles que fosen tomar algo á cantina, que agardasen porque tiña que pedir permiso; e, como son uns preas, foron botar os coñacs. Daquela aproveitei para chamar ao destacamento de ferrocarrís da Coruña e conteille o caso ao comandante de garda, que me dixo que avisase o cabecilla dos falanxistas. Entón chameino e púxeno ao teléfono co comandante, que lle dixo que eu non podía abandonar ata que chegase o meu substituto; que esperasen. Con tan boa sorte que non tardou unha hora en presentarse un piquete de soldados do ferrocarril cun tenente que dixo que viña relevarme; e meteu os falanxistas na sala de espera, puxo os soldados diante, que xa viñan alleccionados, mandou “firmes, cargar, descanso” e explicouse: ¿quen se quería atrever a levar un funcionario militarizado dun recinto militar como é unha estación? —don Pascual colleu folgos, ergueu as mans abertas, palmas arriba—. En fin, Liñares, que desde aquela os falanxistas andan doentes e eu estou a buscar destino. Comigo non sei se se atreverán, pero... eu non son comunista, masón e protestante.

Ficha completa. Mais, con todo, Deus non me fixera chegar tan lonxe para nada; e xa me librara grandes perigos, de chuvias de balas.

—Se me permite, don Pascual —solicitei—, quixera ver o almacén.

—Vaia, vaia —ergueuse e procurou a chave para min.

Percorrín a plataforma mirando o mar, que fulxía sobre o arco dunha praia. Entrei no almacén, coa súa mestura de cheiros a aceite, papel e madeira, e gostei del; díxenme que aquel era sitio para traballar e facer vida. Pechei a porta. Axeonlleime nuns sacos. Orei; e ao longo da oración sentín como a miña alma se enchía coa forza do convencemento.

Fortalecido, seguro de ter a El-Señor do meu lado, entrei de novo na oficina do xefe.

—Con permiso, don Pascual —levantou el a ollada e fixouna en min—. Mire, ¿quen son os peores suxeitos desta vila?

Un sorriso amplo deu cor á súa faciana leitosa. Non me respondía. Talvez estivese a gozar coa verificación do increíble para el: algo máis cá valentía, o valor da confianza plena en Cristo Xesús.